

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E O MINISTERIO DE DEFENSA PARA A UTILIZACION DA CÁMARA HIPERBÁRICA DA UNIDADE DE MERGULLO (UBUFER) DA ARMADA ESPAÑOLA SITUADA EN FERROL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar,
DECLARA:

a) Que esta Consellería do Mar, a través do expediente xestionado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar formalizou co Ministerio de Defensa do Goberno de España o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura, 24 de xullo de 2025, ata o 31 de decembro de 2028.

b) Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e o Ministerio de Defensa do Goberno de España, para que os aspirantes dos cursos de mergullo organizados pola Consellería poidan realizar as probas de compresión e tolerancia de osíxeno na cámara hiperbárica da UBUFER, sita na Estación Naval da Graña (Ferrol) para o caso de que a cámara hiperbárica da que dispón o IGafa se atope averiada, no dispoñible, non se atope operativa ou exista calquera outra causa que o faga necesario.

c) Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

d) Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte :

- O artigo 2 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, indica que un dos seus fins é a de fomentar a formación e a capacitación profesional do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola. Neste mesmo senso, o artigo 117 di que a consellería competente en materia de pesca realizará as actuacións necesarias para a promoción de todo tipo de actividades formativas mediante a colaboración, a cooperación e a coordinación entre organismos e entidades competentes en materia de pesca, educación e seguranza no traballo.

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



Un dos centros de formación dependentes desta dirección xeral é o Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA) da Illa de Arousa, onde se imparte formación regrada dos ciclos formativos de Formación Profesional de acuicultura e mergullo profesional. Así mesmo, no citado centro lévanse a cabo accións de investigación no eido da acuicultura e impártese formación non regrada de marisqueo e mergullo profesional.

O IGAFA forma técnicos/as moi cualificados, grazas a ofrecer unha ensinanza especializada tanto teórica como práctica. Esta formación é posible pola cualificación dos seus formadores e pola posibilidade de contar cunhas instalacións e equipamentos inmejorables tanto para as ensinanzas de acuicultura como de mergullo profesional. É o único centro de Galicia e dos poucos de España que proporciona dita formación recoñecida explícitamente coa cualificación de Centro de Referencia Nacional en Acuicultura e Mergullo. Segundo a normativa vixente, para poder acceder os cursos de formación de mergullo profesional é preciso contar cunha cámara hiperbárica autorizada, para que os aspirantes realicen as probas de compresión e tolerancia o oxíxeno hiperbárico.

- Pois ben, o Ministerio de Defensa, nas instalacións da Armada na Estación Naval da Graña situada en Ferrol, dispón dunha cámara hiperbárica da Unidade de Mergullo, en diante UBUFER, dependente do Comandante das Unidades da Forza de Acción Marítima en Ferrol, en diante COMARFER, axeitada para as probas obxecto deste convenio.

No caso de que a cámara hiperbárica do IGAFA estea avariada, non dispoñible, non estea operativa ou exista calquera outra causa que o requira, a Consellería do Mar considera a necesidade de dispoñer doutra, co obxecto de non modificar a programación da oferta formativa do ano en curso.

En definitiva, e no marco e condicións deste instrumento, no caso de que a cámara hiperbárica do IGAFA estea avariada, non dispoñible, non estea operativa ou exista calquera outra causa que o requira, poderán realizarse as correspondentes probas de compresión e tolerancia de osíxeno na referida cámara hiperbárica da UBUFER situada en Ferrol.

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvemento@xunta.gal



e) Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Angeles Vázquez Suárez
asinado dixitalmente

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

